A PESCA DE ARRASTRE DE FONDO CONTRIBÚE CO CAMBIO CLIMÁTICO E LIMITA A CAPACIDADE DO OCÉANO PARA CAPTURAR E ALMACENAR CARBONO

O ciclo do carbono e o papel do océano na mitigación do cambio climático

- O océano absorbe unha media dun millón de toneladas de CO_2 por hora[1]
- El océano retiene una cuarta parte del CO_2 emitido por la actividad antropogénica[2]



Grazas a este ciclo, o océano é un dos maiores sumidoiros naturais de carbono. Dos 38 GT de CO2 emitidos anualmente polas actividades humanas, o 46% permanece no aire, o 26% é retido polo océano e o 28% pola terra[8].

A pesca de arrastre afecta o clima

A pesca de arrastre de fondo é o arte de pesca menos selectivo e mata cada ano un número considerable de organismos mariños de maneira incidental, o que representa o **93,2% dos descartes da UE[9]**. Matar a biodiversidade mariña disminúe a capacidade do océano para capturar carbono, limitando así a súa función esencial no ciclo do carbono.



O carbono liberado do fondo mariño na columna de auga como resultado da pesca de arrastre pode volver á atmosfera[10], contribuíndo directamente co cambio climático.

A pesca de arrastre destrúe ecosistemas crave para o almacenamento de carbono como as praderías mariñas.

O carbono liberado do fondo mariño pode aumentar a acidificación dos océanos[11], o que supón unha ameaza ás especies sensitivas e á vida mariña que ten un papel importante na almacenaxe de carbono.

A pesca de arrastre impide que o carbono se almacene nos sedimentos, xa que o arrastre de pesadas redes polo fondo mariño libera na columna de auga o carbono almacenado no fondo.

Os buques de arrastre de fondo emiten tres veces máis CO_2 que os que non practican a pesca de arrastre[12], agravando o cambio climático.

As augas europeas son as máis explotadas do mundo pola pesca de arrastre, impactadas nun 50%, fronte a unha media mundial do 14%[13].



A comunidade científica recomenda priorizar medidas de conservación na Unión europea, sobre todo no Atlántico nororiental, pola súa elevada capacidade para absorber carbono[14].

Solucións Políticas para alcanzar o potencial de mitigación climático do océano

- **Eliminar gradualmente a pesca de arrastre de fondo nas zonas costeiras e nas áreas mariñas protexidas da UE.**
- **Eliminar as capturas incidentales de especies sensitivas.**

Desenvolver un proceso de avaliación de impacto ambiental e climático para todas as pesqueiras e frotas da UE, co fin de garantir que a fixación anual das posibilidades de pesca incorpore consideracións climáticas e ecosistémicas.

Avaliar o impacto da actividade pesqueira no potencial de captura de carbono das poboacións de peces e dos fondos mariños/hábitats, e identificar as partes da frota con baixas e altas emisións de gases de efecto invernadoiro.

Asignar cota aos segmentos da frota que non teñen impacto sobre o fondo mariño, que evitan a captura incidental de especies sensibles, son baixos emisores de carbono e proporcionan a maior parte dos beneficios sociais: a pesca artesanal de baixo impacto.

Cando o uso de artes non poida ser de baixo impacto, eliminar o exceso de capacidade da frota utilizando criterios ambientais e sociais, asegurando que só os buques máis sostibles permanezan na frota.

Eliminar progresivamente os beneficios fiscais ao combustible e outras subvencións contraditorias e prexudiciais.

Reorientar as subvencións cara a programas de formación/educación que promovan a pesca de baixo impacto ou plans de diversificación da pesca.

2022 | Ilustración: Marina Astudillo

[1] Feely et al., 2008
[2] Friedlingstein et al., 2021
[3] Fourqurean et al., 2012
[4] Chami et al., 2019
[5] Saba et al., 2021
[6] Atwood et al., 2020
[7] Atwood et al., 2020
[8] Friedlingstein et al., 2021, Atwood et al., 2015
[9] 2015–2019 catch-composition dataset (STECF 2020)
[10] Cavan & Hill, 2021, Hilmi et al. 2021, Sala et al. 2021
[11] Epstein et al., 2022
[12] Clark & Tilman ,2017
[13] Amoroso et al. 2018
[14] Cavan & Hill, 2021

Referencias:

SEAS AT RISK

ecologistas en acción